
Carlos Garrido, *Léxico Galego: Degradación e Regeneración*, Sant Cugat del Vallès (Barcelona), Edicións da Galiza, 2011, 799 páxinas.

A compoñente lexical foi tradicionalmente un ámbito de investigación que se podería considerar case secundario na literatura especializada en lingua galega. Á marxe da elaboración de obras lexicográficas levadas a cabo por diferentes organismos e autores, o certo é que outros saberes e disciplinas teñen orientado o albo da reflexión lingüística, tales como a dialectoloxía, os estudos diacrónicos etc. É por isto que se evidencia descompensación entre o tratamento do léxico e a atención a fenómenos fonéticos ou fonolóxicos, por exemplo, ou entre a análise rigorosa da semántica lexical e o estudo pormenorizado de cuestións dialectais. De feito, a primeira gramática que concede relevancia singularizada ao léxico é a obra de Freixeiro Mato (2006, III), a cubrir así unha notábel lacuna se compararmos a situación do galego coa doutras realidades lingüísticas.

Nestes medios, o volumoso traballo do Prof. Carlos Garrido recensionado nestas páxinas, *Léxico Galego: Degradación e Regeneración* (en adiante LG), supón un contributo de primeira orde no marco das obras consagradas á compoñente semántico-lexical da nosa lingua: en primeiro lugar, porque, en parte nos apropiando do sentir do autor, o léxico é un dos ámbitos constitutivos do galego en que se máis percibe a deteriorización provocada polo convivio co español e, subsecuentemente, tamén se converte nun dos campos en que máis precisa se fai unha vontade real de restauración; o coñecido por algunhas persoas como “galego popular” (embora non só) transloce con total clareza os alarmantes niveis de hibridación en que se acha o léxico e conta, a día de hoxe, con importantes megafonías públicas, as cales, en vez de tentaren involucrar esta situación, mesmo parecen coadjuvar nese anormal estado de cousas. E en segundo lugar, porque unha planificación da compoñente lexical verdadeiramente eficaz, en particular no dominio científico-técnico, está obrigada a perpasar as actuais fronteiras administrativas impostas polo axustado corsé autonómico, para así dotar os recursos lexicais galegos de solucións terminolóxicas xa empregadas nas variedades lusitana e brasileira do noso idioma.

Tórnase preciso salientarmos que non é a primeira vez que Garrido presenta o público especializado con sólidas obras enmarcadas no traballo lexicolóxico. Pénsese, por exemplo, no seu *Manual de Galego Científico* (2000, 2010), nos *Aspectos Teóricos e Prácticos da Tradución Científico-Técnica* (2001) ou aínda en diversos traballos que enforman o seu historial pesquisador. Sen dúbida LG, a continuar a liña das

anteriores, está chamada a constituírse nunha obra fundamental na lingüística galego-portuguesa, destinada a servir como punto de partida para a reflexión e para o sempre desexábel debate sobre que camiños debe seguir a codificación lexical da variedade estandarizada galega.

Varias son as partes que dan forma á estrutura de LG e que imos comentar a seguir. Após o “Prólogo” (p. 13-19) e despois da listaxe de “Siglas, abreviaturas e símbolos utilizados na presente monografía” (p. 20), comeza o texto coa primeira parte, subtitulada “Introduçom” (p. 21-67), que serve como preludio á cerna da obra mediante uns exemplos prácticos do proceso de deteriorización do léxico galego (p. 31-60), seguidos dun subcapítulo dedicado a dar conta da natureza e do nivel da actual crise da compoñente lexical. Polas dimensións da segunda parte (p. 70-722), intitulada “Análise da actual degradaçom do léxico galego e das correspondentes estratégias regeneradoras dispoñíbeis”, vira o núcleo da obra; neste grande capítulo, organizado nunha traballada e conseguida exposición de subtemas, son tratadas a fundamental comunión dos léxicos galego e luso-brasileiro, o problema da variación lexical sen padronización na Galiza, a substitución españolizante que se produce presentemente no galego, as diversas estratexias rexeneradoras, a problemática das actitudes non rexeneradoras e as estratexias máis eficaces, a erosión e a estagnación e a suplencia españolizante que se verifica entre nós, e, por último, as actitudes non rexeneradoras diferencialistas. A terceira parte, epigrafada como “Conclusons e perspectivas” (p.725-762), constitúe unha lúcida síntese acompañada dunhas “medidas” destinadas a combateren o proceso de degradación lexical que foi atinadamente exposto na anterior parte. Encerran a obra a “Bibliografía” (p. 763-779) e dúas pequenas mais ilustrativas ‘gorxetas’, dous “Apêndices” que ditan os compasos finais da partitura de LG: o primeiro, “Incidência dos factores de degradaçom lexical sobre a designaçom no galego actual” (p.781-788), serve como “gráfica mostra” de como a deteriorización lexical afecta tanto os nomes de parentesco directo canto diversas denominacións do ámbito químico; o segundo, en que o autor optou por unha reedición de textos clásicos galegos “com optimizaçom lexical” (p. 789-799), baseouse no inicio do libro segundo do *Sempre en Galiza*, de Castelao, ben como no *Himno galego*, de Pondal, ambos acompañados dunhas nóttulas no rodapé con información lexical.

Vira difícil comentarmos unha obra das características de LG en apenas unhas poucas páxinas. Por isto, centrarémonos apenas aquí en varios aspectos que nos inspiraron algunhas reflexións. Primeiramente, como máis un mérito da obra, quereríamos salientar o sistema de notas a rodapé, o cal convértese nun cumprido segundo texto en que o autor dialoga cos principais estudos de referencia existentes, achega datos de interese para a explicación dos contidos ou até intercala informacións (nin sempre) adicionais que serven para comprendermos con maior clareza o

senalado no texto principal. Con perto de 700 notas desta natureza, o público lector percibirá doadamente a transcendencia que Garrido concedeu a ese diálogo coa literatura especializada e ao acrecentamento de datos que, mesmo podendo seren considerados como exteriores ao corpo do traballo, acompañan poderosamente a profundidade deste; en síntese, tórnase unha útil dialéctica entre texto principal e texto complementar.

Conforme o comentado anteriormente, ficou claro que a cerna do libro é a constituída pola segunda parte, de modo que tanto a primeira canto a terceira, a noso ver, máis parecen antes marxés pre e posnucleares do que constituíntes do mesmo rango que a segunda. Quizais sexa esta unha das críticas que estrutura de LG pode inspirar, pois evidénciase unha notoria asimetría entre as tres seccións. Talvez a segunda parte debería ser organizada de diferente modo para así tratar de igualar os subtemas que desenvolve, de forma que contase con máis divisións capitulares; ou se callar podería concederse tanto á primeira como á terceira unha condición máis externa ao corpo da obra. En todo o caso, a falta de equidade nas dimensións que se observa se comparadas as tres seccións non resta profundidade á pesquisa que se ofrece na segunda, verdadeira exposición de problemas e de propostas de solución para a compoñente lexical da lingua.

Outrosí, a lectura das páxinas de LG deixa constancia de que o léxico galego presenta índices de españolización tanto en rexistros coloquiais canto noutros máis formais ou elaborados. Ao mesmo tempo, o traballo do Prof. Carlos Garrido tamén permite verificarmos como esa barbarización afectou, por suplantación, quer vocábulos de significado fundamentalmente gramatical (i.e., **unque* en vez de *aínda que*, **hacia* en lugar de *cara a* ou *para*, **hastra* por *até*, **nadie* ou **naide* por *ninguén* etc., segundo se expón nas pp. 246-247), quer palabras de significación lexical (**amarillo* en vez de *amarelo*, **azufre* por *enxofre*, **dulce* en lugar de *doce*, **plomo* por *chumbo*, **pizarra* en lugar de *lousa*, **tenedor* en vez de *garfo* etc., conforme se sinala nas pp. 247-253). Para as persoas que se dedican ao estudo da lingua, seccións como estas tórnanse importantes ferramentas non só para melloraren a súa praxe como investigadoras ou docentes, mais tamén como utentes dun galego culto, destonado de españolismos e asentado na súa tradición. A importancia do léxico é de primeira orde para a rexeneración interna da variedade galega e concordamos con Garrido en que o horizonte ten de ser a total restauración dos campos lexicais erosionados.

Do noso punto de vista, sen negarmos a evidente transcendencia que a compoñente lexical formula para unha verdadeira rexeneración lingüística, achamos que outras compoñentes tamén se erixen en ámbitos de, cando menos, parecida ou igual relevancia. Estámonos a referir, por exemplo, á esfera sintáctica. Con independencia

de que entre varias hipóteses lexicais con uso constatado na Galiza, a opción galega debe(ría) ter en conta aquelas máis próximas das utilizadas nas restantes variedades do sistema (i. e., *xanela* mellor que *fiestra*, *enxofre* por *xofre*, *tesoura* mellor que *tesoira* etc.), tal e como tamén expón Garrido na medida “contra o proceso degradativo da variación xeográfica sem padronización” (p. 728), non se pode afirmar que esoutras variantes de uso non sexan autóctones, nomeadamente en certos rexistros coloquiais ou até en ámbitos de uso marcados por unha certa vontade estética (*fiestra*, *xofre*, *tesoira* etc.). O grao de autoctonía, porén, ve minguar considerabelmente os seus niveis se non for concedida clara prioridade a unha sintaxe diferencial, tanto por servir como fronteira face ao español canto por nos aproximar das outras variedades da lingua. A parafrasearmos, en parte, unha das opinións de Gladstone Chaves de Melo recollidas no seu clásico traballo *A lingua do Brasil* (1981), o que identifica e define as linguas é a súa estrutura sintáctica ou morfosintáctica, quizais antes que o léxico. Así, un modelo lingüístico que non pondere os seus propios trazos identitarios renunciará a unha notábel dose de autenticidade lingüística: repárese, por exemplo, na utilización do infinitivo flexionado como elemento distintivo do sistema galego-portugués (*Convén irdes cedo* mellor que *Convén que vaiades cedo*), no emprego do futuro de subxuntivo nos casos en que for de regra (*Se bebes non conduzas* ≠ *Se beberes non conduzas*), na colocación tradicional do pronome con infinitivos rexidos por preposición aínda viva hoxe no galego nomeadamente en persoas idosas (*Chegou para nos axudar* mellor que *Chegou para axudarnos*), na eliminación da preposición *a* nos casos en que for desnecesaria para a marcaxe do CD (*Observou uns rapaces discutiren* en lugar de **Observou a uns rapaces discutiren*), na preferencia polo acusativo nos casos en que o clítico for o suxeito dun infinitivo (*Mandouna saír da casa* mellor que *Mandoulle saír da casa*) ou en varias rexencias preposicionais (i.e., *aproximarse de* mellor que *aproximarse a*, *contribuír para* mellor que *contribuír a* etc.) etc.

Por outro lado, conforme se comentou máis arriba, o contributo do profesor da Universidade de Vigo expón con clareza como o vocabulario máis técnico ou especializado (embora tamén o de uso máis xeral) se acha fortemente presionado polo español. Neste punto, persoalmente, caberían dúas hipóteses de actuación: (i) para aqueles campos lexicais adscribíbeis ao galego espontáneo ou popular; e (ii) para aquel outros propios de esferas máis especializadas; a grande presenza na lingua dos nosos días de voces como **amistade*, **calamar*, **árbol*, **tenedor*, **ladrillo*, **melocotón* ou **silla*, por exemplo, todos eles barbarismos comentados en LG, non repercute da mesma maneira que a constatación de palabras como *cefalea crónica*, *haluro alifático*, *hipotensor*, *propilenglicol* ou aínda outras que posúen unha frecuencia de utilización restrinxida practicamente aos colectivos profesionais que as empregan. Así, nestas dúas hipóteses, e sen deixarmos de recoñecer que ambas

son importantes para unha rexeneración real do léxico, a primeira medida na Galiza debería talvez conceder prioridade aos vocábulos que presentan maiores índices de uso no galego espontáneo nunha verdadeira e urxente planificación do corpus.

Noutra orde de cousas, no marco das actitudes rexenadoras do léxico, o autor sinala atinadamente como moitas das solucións consideradas en xeral modelares e proxectadas desde instancias universitarias ou académicas (i.e., ILG, RAG) non tiveron en conta a situación das variedades lusitana ou brasileira da lingua. Con efecto, tórnase un traballo louvábel mais desnecesario, en que se inviste tempo e diñeiro de máis, optar por unha “neología insolidaria de invenção” (LG, p. 482) ou por unha “adopção no padrom lexical galego de solucións surgidas através de neología de invenção onomatúrgica” (p. 593), en casos como, por exemplo, *beirarrúa* (por *paseo*), *floco de millo* (en lugar de *pipoca*), *pano da mesa* (en vez de *gardanapo*), *salón de peiteado* (en lugar de *cabeleireiro/a*), *romanés* e *romanesa* (por *romeno* ou *romena*), *torrador* (en vez de *torradeira*) etc. Sobre este particular, temos de convir que as únicas normas vigorantes na Galiza para a estandarización da lingua son de carácter ortográfico e morfolóxico, segundo figura no seu propio título. Embora se poida pensar dalgúns títulos que son referencias nesta liña, o certo é que non hai un texto oficial que se ocupe de padronizar os recursos sintácticos, fraseolóxicos, pragmáticos nin, como é obvio, tampouco os lexicais. Isto lévanos a reflectir sobre a necesaria introdución de toda esa maré vocabular nos campos lexicais e semánticos do galego, que gañará así en recursos e en autenticidade, continuando deste modo a liña da Xeración Nós, e en particular de Otero Pedrayo, que non dubidou en recuperar para o galego nin en lle incorporar voces como *amizade*, *anceio* (mod. *anseio*), *apontar*, *azas* (mod. *asas*), *baptizado*, *deus* e *deuses*, *encarregar*, *enforcar*, *inquérito*, *isolado*, *nervoso*, *nubens*, *ontem*, *portaxe* etc.

En definitivo, a obra *Léxico Galego: Degradación e Regeneración*, do Prof. Carlos Garrido, vira un contributo valioso por varios motivos entre os cales queredamos ponderar os que seguen: primeiramente, sobre un ámbito de traballo sobre a nosa lingua deficientemente explorado se comparado con outros campos, sempre dun punto de vista rigoroso e na propedéutica de a dotar de recursos lexicais capaces tanto para a transmisión do coñecemento científico canto para estimular unha verdadeira rexeneración lexical no galego espontáneo. En segundo lugar, á marxe de opcións ortográficas, serve para aproximar a variedade galega da lusitana e da brasileira, tan necesitadas de se reencontraren, cando menos aquela con estas. E en terceiro lugar, o libro proporciona abundantes solucións a dúbidas que aparecen na práctica profesional da docencia e no uso diario da lingua. Por todo isto, a enlazarmos coas palabras do comezo, achamos que está destinado a ingresar nas tabelas de textos de referencia do panorama lingüístico galego, e nomeadamente naqueles do ámbito semántico-lexical.

Parabéns, por tanto, ao Prof. Carlos Garrido, e parabéns, igualmente, á editora Edições da Galiza por materializar entre os seus proxectos o traballo aquí comentado.

Xosé Manuel Sánchez Rei

Referencias bibliográficas

- Garrido, C. (2011): *Léxico Galego: Degradación e Regeneración* (Sant Cugat del Vallès / Barcelona: Edições da Galiza).
- Garrido, C. (2010) [2001]: *Manual de Galego Científico* (Associação Galega da Língua).
- Garrido, C. (2001): *Aspectos Teóricos e Práticos da Tradución Científico-Técnica (Inglês > Galego)* (Associação Galega da Língua).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1999]: *Gramática da lingua galega*. Vol. III. *Semántica* (Vigo: A Nosa Terra).
- Melo, G. Chaves de (1981) [1945]: *A Língua do Brasil* (Rio de Janeiro: Padrão – Livraria Editora).